MEMORIA COMPLEMENTARIA XUSTIFICATIVA II

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Detectado un erro na proposta desta consellería no relativo aos postos de traballo que se propoñen a amortizar, en concreto, o posto de traballo con código ED.C99.40.104.36240.004 e denominación de Axudante/a de cociña no centro CEIP Plurilingüe "Varela Buxán", na localidade de Lalín, proponse a retirada do referido posto do apartado de amortizacións.

A retirada deste posto de traballo do apartado de amortizacións deriva dun erro no cálculo dos comensais que se tiveron en conta para valorar a súa necesidade, xa que existiu un fallo ao establecer un promedio de atención de 72 comensais, cando en realidade existe un rexistro de 99 comensais.

Así, a Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece no seu artigo 5 que para os comedores que dispoñen de ata 75 comensais disporán de un oficial de 2ª de cociña e para os comedores de 76 a 150 comensais disporán dun oficial de 2ª de cociña e un axudante de cociña.

En consecuencia, este centro, atendendo aos comensais dos que dispón (99) require dun oficial de 2ª de cociña e dun axudante de cociña, motivo polo que non procede a amortización do referido Axudante/a de cociña.

A retirada deste posto comporta tamén a modificación da correspondente memoria económica no seu punto 1, onde o total do custo das amortizacións supón un total de 1.106.367,02 € en detrimento do 1.133.241,52 € que fixaba; así como no seu punto 4, no relativo á a diferenza de custo entre as creacións/modificacións e as amortizacións en tanto que a desviación establecida debe ser de 936.857,03 € e non de 909.982,53 €, tal e como se establecía.

Asinado dixitalmente,
O secretario xeral técnico
Manuel Vila López

DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
Complexo Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Asinado por: VILA LOPEZ, MANUEL
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 22/07/2026 13:23:12

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: cvc00atXY9e0 https://sede.xunta.gal/cve